

ALEJANDRA PARDO VÁZQUEZ, Secretaria do Concello de Cariño (A Coruña)

**CERTIFICO:** Que o Pleno corporativo na súa sesión ordinaria celebrada en data 06/08/2026 adopta, entre outros, o seguinte

**ACORDO:**

**4.- MOCIONS**

**4.2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG (2026/771, DE 02/08/2026)  
RELATIVA AO ESTADO DAS FÁBRICAS DE CONSERVAS DA ÁRTICA E CENTAURO.  
2026/X006000075)**

**Exposición de motivos:**

En xaneiro do 2025 o BNG levou ao Pleno unha moción onde falabamos da importancia do patrimonio conserveiro de Cariño, destacando tres inmobles situados en dominio público de titularidade de Portos de Galiza: Ártica, Centauro e Marujita Canela, exemplos senlleiros da arquitectura conserveira da zona. Nesta moción, aprobada por UNANIMIDADE, aparecían entre os puntos do acordo a inclusión das fábricas no catálogo do PXOM, que o concello solicitase á Xunta un informe técnico do estado dos inmobles, medidas para evitar unha maior degradación a curto prazo e un plan de mantemento a longo prazo destes edificios. O pasado mes de abril levouse a cabo a demolición da nave da fábrica de Marujita Canela. Precisamente estes meses estamos a asistir ao agravamento do estado da cuberta da nave da Ártica, presentando danos visibles debido á rotura de numerosas tellas, que permiten a entrada de auga, degradando a estrutura de madeira interior. Tamén a fábrica do Centauro, aínda que sen risco estrutural grave, leva sofrendo unha progresiva degradación froito do nulo mantemento. Queremos seguir facendo fincapé en que estes dous inmobles restantes, a Ártica e o Centauro, que están situados en dominio público marítimo terrestre e que cuxa titularidade actual corresponde a Portos de Galiza, posúen un grande valor histórico ligado á industria conserveira, un valor identitario para Cariño e un valor arquitectónico moi importante. Para estas naves existe un risco real para a súa conservación, xa que hai o precedente inmediato da demolición da fábrica de Marujita Canela. Por iso esta moi necesaria moción.

Primeiramente, para este Concello, antes de permitir unha demolición coma a da anterior fábrica, existe a obriga legal de valorar o interese patrimonial dos inmobles. As naves forman

parte do patrimonio industrial na época de maior esplendor da industria conserveira en Cariño. Este aspecto encaixa no concepto de patrimonio cultural que recolle a Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galiza, que protexe moito máis ca os bens catalogados, obrigando ás administracións públicas a identificar, conservar e evitar a perda de bens con valor cultural aínda que non estean previamente catalogados. É dicir, a ausencia de catalogación non implica ausencia de valor patrimonial nin do deber de protexer os bens. En segundo lugar a deterioración é imputable á propia Administración. Portos de Galiza é unha entidade pública, como titular do inmovible ten o deber legal de conservación. Se durante anos non realizou actuacións mínimas de mantemento, resulta difícil soste que a consecuencia dese incumprimento deba ser precisamente a demolición. En termos xurídicos isto conecta con principios xerais como a boa administración, a prohibición de obter vantaxe dos propios incumprimentos, ou a responsabilidade da Administración pola conservación dos seus propios bens.

O Pleno corporativo por cinco votos a favor dos grupos municipais do PsdGA e BNG e catro abstencións do grupo municipal do PP

**ACORDA:**

- 1.- A inclusión das naves da Ártica e do Centauro no catálogo do PXOM, como bens inmovibles singulares para blindar a súa protección e conservación a nivel legal.
- 2.- Que o Concello solicite formalmente á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galiza a emisión dun informe sobre os valores históricos, industriais, arquitectónicos e etnolóxicos das antigas conserveiras da Ártica e do Centauro.
- 3.- Que o Concello promova a incorporación destas conserveiras ao Inventario do Patrimonio Cultural de Galiza ou, se procede, impulse a súa protección mediante o correspondente procedemento administrativo.
- 4.- Que o concello de Cariño solicite a Portos de Galiza medidas para a conservación das fábricas da Ártica e do Centauro, en vista de que cheguen no mellor estado posible a unha oportunidade futura para a súa restauración. Na Ártica medidas urxentes para actuar na cuberta e apuntalamiento da súa estrutura de madeira que eviten o seu colapso, e no Centauro medidas cautelares de inspección, limpeza ou eventual apuntalamiento.
- 5.- Que o concello de Cariño se opoña, en caso de existir, a calquera tentativa por parte de Portos de Galiza de levar a cabo unha demolición de calquera destes dous edificios.



6.- *Que a presente corporación afirme a súa vontade real e tanxible para o recoñecemento, conservación e posta en valor do patrimonio conserveiro de Cariño e a súa historia.*

7.- Dar traslado do presente acordo a Portos de Galicia, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galiza, así como ás Asociacións culturais e entidades locais interesadas na protección do patrimonio histórico de Cariño, para o seu coñecemento e para os efectos que estimen oportunos.

E para que conste os efectos oportunos expido a presente por orde e co visto e praxe da Alcaldesa, coa salvidade que establece o artigo 206 do ROF, en Cariño, a vinte e cinco de agosto de dous mil vinte e seis, de todo o que eu, Secretaria, Certifico.

Vº e Pce

Alcaldesa

Asdo: Ana Mª López Fernández (documento asinado electrónicamente)